

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **PRIMEIRO. Beneficiarios/as.**

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as familias empadroadas no Concello de Cuntis que teñan menores ao seu cargo, matriculados no curso escolar 2016/2017, no CPI Don Aurelio o na Escola Unitaria de A Gándara, na segunda etapa de educación infantil (de 3 a 5 anos) para axudas de material escolar.

#### **SEGUNDO. Obxecto da subvención.**

Regular o procedemento da concesión de axudas ás familias con dificultades socioeconómicas, que teñan os seus fillos/as matriculados no CPI Don Aurelio de Cuntis ou na Escola Unitaria de A Gándara e cursen o segundo ciclo de educación infantil.

A prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos derivados da adquisición do material escolar, cunha contía de 90 € por menor.

As axudas a abonar, estarán en función do gasto realizado e xustificado, dando lugar, se é o caso, a unha minoración da contía inicialmente concedida.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos materiais subvencionados.

#### **TERCEIRO. Bases reguladoras**

Bases de execución do Orzamento de 2016.

#### **CUARTO. Importe**

O orzamento destinado a este programa é de 3.150,00 €, con cargo á partida 231.480.00 de gastos de emerxencia social, polo que a suma das axudas a conceder non excederá do mesmo.

No suposto de que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a priorización na concesión das axudas virá dada pola puntuación obtida, de maior a menor, despois da avaliación e baremación das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos nas presentes bases de convocatoria, ata esgotar o orzamento destinado a esta finalidade.

**QUINTO. Prazo de presentación de solicitudes.**

As bases da convocatoria anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na páxina web do concello de Cuntis e no Taboleiro de Anuncios. Tamén elaboraranse bandos informativos.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincial e rematará o día 23 de setembro de 2016. Non se admitirán solicitudes fora de prazo.